

ACTA Nº 2017/6

SESIÓN ORDINARIA

PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

- Casa do Concello, xoves 29 de xuño de 2017 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal.

PRESIDE: ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTANS
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

PP
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
ADRIAN VIDAL IGLESIAS
MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

PSdeG-PSOE
MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARTIN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON
ANTONIO CASTRO CASTRO
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

PP
MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

SECRETARIA: PATRICIA SANCHEZ CASTELO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación Acta nº 5/2017 do Pleno en sesión ordinaria do 25/5/2017
- 2.- Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Aprobación definitiva do modificado do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e rasantes e ordenación de volumes do Plan Parcial SAU 2 RIANXO
4. Moción para solicitar o selo de recoñecemento Cidade Amiga da infancia, de UNICEF
5. Protocolo de colaboración para o desenvolvemento da campaña En NEGRO CONTRA A VIOLENCIA
6. ESTUDO PARA A MUNICIPALIZACIÓN SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS

MOCIÓNS

7. Moción do grupo municipal Rianxo en Común: Cambio do papel do Concello na Festa da Xouba para lograr unha maior incidencia da mesma.
8. Moción do grupo municipal Rianxo en Común: Creación dunha mesa conxunta de seguimento de mocións presentadas no pleno polas diferentes formacións
9. Moción do grupo municipal Rianxo en Común. Establecemento da liña base de emisións CO2 e propostas de intervención para a súa redución
10. Rogos e preguntas

1. APROBACIÓN ACTA Nº 5/2017 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 25/5/2017

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 5/2017 do 25/5/2017.
- Antón propón unha pequena emenda na acta na súa segunda intervención da moción das outocaravanas onde di “ e unha moción ambigua non queremos entrar en competencia desleal “ nos dixemos “ moción que deixa sen definir ubicación e condicións de uso “

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/05/2017, Acta nº 5/2017.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/05/2017 ata o 31/05/2017, que comprenden os números 360/2017 ao 481/2017, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 8 da Sesión extraordinaria do día 15/05/2017
- Acta nº 9 da Sesión ordinaria do día 29/05/2017

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

3. APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICADO DO ESTUDO DE DETALLE PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS E RASANTES E ORDENACIÓN DE VOLUMES DO PLAN PARCIAL SAU -2 RIANXO

Visto o proxecto de Modificación do Estudo de Detalle redactado polos Servizos Municipais de asistencia técnica relativo sinalamento de aliñacións e rasantes e ordenación de volumes do plan parcial Sau -2 Rianxo.

Vistos os informes técnicos emitidos por Ramón Dios Castaño de data 16 de decembro de 2016 e xurídicos de secretaria de data 20 de decembro de 2016 respecto diso sobre o seu adecuación ao obxecto e funcións previstas na lexislación urbanística de Galicia, e que reúne a documentación a que se refire o artigo 193 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia.

Os tramites seguidos neste expediente son:

- Aprobación inicial adoptada pola Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2016.
- Información pública polo prazo de un mes mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 29, do 10/02/2017.
- Notificouse aos titulares que resultan do catastro afectados por dito modificado, segundo relación que figura no expediente. Constan recibis asinados nas notificacións.
- Certificado de Secretaria de data 12 de xuño de 2017, que acredita a exposición ao público, e a non presentación de alegación algunha no mesmo.

Á vista dos antecedentes, propónse ao pleno como órgano competente en aplicación do artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO

Aprobar definitivamente a Modificación do Estudo de Detalle relativo ao sinalamento de aliñacións e rasantes e ordenación de volumes do plan parcial Sau-2 Rianxo, elaborado pola Arquitecta de asistencia técnica municipal Ana Isabel Piñeiro Esperante.

SEGUNDO

Publicar este acordo, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia. No anuncio de aprobación definitiva farase consta-la remisión da documentación á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, dando traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o plan, debidamente dilixenciados pola secretaria do concello, facendo constar dita circunstancia.

TERCEIRO

Remitir o expediente ao Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da Ley 2/2016.

O ALCALDE, FAI UN RESUMEN DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:**O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:**

Manifesta o seu apoio a proposta

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Di que apoia a proposta

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Di que ao non haber alegacións dos veciños, apoian a proposta

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Apoian a proposta

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

4. MOCIÓN PARA SOLICITAR O SELO DE RECOÑECEMENTO CIDADE AMIGA DA INFANCIA, DE UNICEF

O Programa Cidades Amigas da Infancia, liderado por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do NENO (ONU, 1989), da que o noso país é signatario, no ámbito dos Gobernos Locais.

O programa Cidades Amigas da infancia ten como puntos fundamentais, o deseño de políticas públicas eficaces baseadas na Convención sobre os Dereitos do Neno (enfoque de dereitos e de equidade); a promoción da participación infantil e adolescente (enfoque de participación) e o impulso de alianzas entre todos os actores relacionados coa infancia a nivel mundial (enfoque ALIA).

O Programa Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario UAM-UNICEF de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA) e UNICEF Comité Español.

A través do Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, UNICEF Comité Español recoñece aos Gobernos Locais que cumpran os requisitos establecidos para ese efecto, que se recollen no documento de Bases da Convocatoria Selo CAI 2017-2018.

Considerando que o Programa Cidades Amigas da Infancia e o Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia favorecerán os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular; considerando, ademais, que o noso municipio cumpre cos requisitos estipulados nas bases da convocatoria aberta por UNICEF Comité Español; e manifestando a nosa vontade de contribuir activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno na nosa localidade.

Propoñemos ao Pleno Municipal

Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar os trámites para a obtención do Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia; así como contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA de Benestar Social e animal, igualdade e diversidade, do día 21/06/2017, sendo este favorable.

Despois da intervención da concelleira do grupo municipal BNG Hadriana Ordoñez Otero, expoñendo a moción procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Como xa adiantamos no pleno dixemos imos apoiar esta moción, os obxectivos son asumibles , non sabemos porque non se recoñece como “cidade dos Nenos” como Caldas ou Pontevedra .Trátase de facer unah Vila máis adaptada as necesidades de todos , e dos colectivos menos desfavorecidos, Se nos sumamos o proxecto de unicef deberiamos interesarnos sobre so nenos refuxiados , na nosa medida poñer o noso gran.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Vemos ben facer iniciativas teñan en conta a infancia, fan que o noso pobo sea mellor .

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Todo o que sea apoiar o pobo vamos estar a favor

CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG HADRIANA ORDOÑEZ

Todas as iniciativas son complementarias, son moitos acordos con distintas entidades.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA

En virtude da súa representación recoñécense mutuamente con capacidade abonda para asinar este protocolo de colaboración e

EXPOÑEN

Que o 17 de decembro de 1999 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, convidando a gobernos, organizacións internacionais e organizacións non gobernamentais a desenvolver actividades dirixidas a sensibilizar á poboación respecto da situación de violencia na que viven moitas mulleres.

Que a violencia de xénero é unha realidade estrutural e multidimensional (física, económica, psicolóxica ou sexual) e un fenómeno global desde o punto de vista territorial, social, económico e cultural.

Que a violencia de xénero é a expresión máis extrema das desigualdades sociais que viven as mulleres polo feito mesmo de selo, unha desigualdade silenciada, agochada e, en moitos casos normalizada.

Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, prevé no seu artigo 3.2 que os poderes públicos, no marco das súas competencias, impulsen campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Do mesmo xeito, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega par a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero formula no Capítulo I medidas de sensibilización contra a violencia de xénero e no artigo 6 o deseño, elaboración e difusión de campañas para tal fin.

Que o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes establece como obxectivo operativo impulsar a prevención de situacións xeradoras de violencia de xénero en todas as súas formas e ámbitos así como tamén inclúe medidas para a realización de xornadas, charlas, obradoiros, exposicións e outras actividades que acheguen ao conxunto da cidadanía información sobre a violencia de xénero e as súas manifestacións.

Que, ante os datos rexistrados na última década, 42 asasinadas por violencia machista en Galicia e 656 en España segundo datos do Instituto de la Mujer, así como o aumento da vulnerabilidade das mulleres a idades cada vez máis temperás fronte á violencia de xénero, cómpre actuar a través do desenvolvemento de programas e accións de prevención e sensibilización.

Que, ao abeiro do anterior, da demais lexislación aplicable e dos plans e normas que cada unha das entidades asinantes teñen aprobados, especialmente os Plans Municipais para a igualdade entre Mulleres e Homes, todos os concellos veñen desenvolvendo liñas de actuación, de xeito autónomo ou en colaboración con outras entidades, destinadas a promover a prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres e as súas fillas e fillos, dento das cales se inclúe o obxecto deste protocolo.

Con base nestas consideracións,

ACORDAN

Primeiro

Asinar esta protocolo de colaboración para a organización conxunta cunha campaña de sensibilización no marco do día internacional contra a violencia de xénero, 25 de novembro de 2016, baixo a denominación ***En Negro contra a Violencia***.

Segundo

Os obxectivos desta campaña son:

- Fomentar unha acción de sensibilización cidadá contra as violencias machistas no ámbito municipal a través da coordinación entre concellos moi diversos e de diferentes cores políticas.
- Implicar ao tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así como a toda a cidadanía, nunha resposta colectiva de rexeitamento da violencia de xénero e dos asasinatos machistas
- Identificar, transmitir e incidir nos comportamentos e expresións verbais que están detrás da violencia de xénero a través do uso de materiais de campaña específicos por parte dos establecementos comerciais e axentes sociais.

Terceiro

De cara a cumprir os obxectivos organizaranse coordinadamente as seguintes accións:

- Promover a implicación dos axentes sociais e económicos municipais para tinguir de negro as vilas e cidades galegas, para vestir loito en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia machista e como resposta á máis dura das súas consecuencias: a morte.
- Deseño global e adaptación da imaxe da campaña a cada concello.
- Dominio web ennegrocontraaviolencia.gal

- Web conxunta cos seguintes apartados: Mapa, Descargas e Novas.
- Estratexia de máketing para as Redes Sociais durante os meses de outubro e novembro a través de: deseño da estratexia, deseño do plan de contidos, xestión de redes (Facebook, Twitter e Instagram), análises de resultados e informe.
- Emprego de materiais de campaña deseñados no marco de **En Negro contra a Violencia** e imaxes propias de cada concello

Cuarto

A interlocución necesaria para a xestión e organización do proxecto realizarase a través dos departamentos de igualdade, centros de formación ás mulleres ou outros departamentos en quen delegue a representación de cada entidade.

Quinto

As imaxes que se deseñen para o proxecto serán de código aberto e acceso libre para toda a poboación, están libres de dereitos e de propiedade intelectual e poñeranse a disposición da cidadanía a través da web da campaña.

Sexto

O presente protocolo de colaboración abrangue, en especial, os meses de outubro e novembro de 2016, podendo estenderse a outras accións de coordinación, presentación de resultados, e avaliación posteriores relacionados co desenvolvemento da campaña En Negro Contra a Violencia.

Sétimo

Para a efectividade deste protocolo, cada entidade deberá tomar os acordos internos que correspondan consonte á normativa, nomeadamente no que toca á disposición dos gastos necesarios. En caso de que algunha entidade non complete este proceso, quedará fóra das actuacións conxuntas.

En proba de conformidade e para a debida constancia, asinan este protocolo en 17 exemplares no lugar e data sinalados ao comezo

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA de Benestar Social e animal, igualdade e diversidade, do día 21/06/2017, sendo este favorable.

A concelleira do grupo municipal BNG Hadriana Ordoñez Otero, defende a proposta a continuación Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Non recordo intervir na comisión a nos a campaña parécenos xogada sobre seguro, canto masi concellos mais incidencia sobre o proxecto. Cuestión a largo prazo , debe incluírse nos pregos a contratación de mulleres.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Estamos de acordo eliminar esta práctica , pedir lexisle , traballe todos os días do ano , Non sabemos o que vai a conlevar esto pero apoiámolo.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Apoiamos esta proposta

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6. ESTUDO PARA A MUNICIPALIZACIÓN SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS**INTERVENCIÓN DO ALCALDE:**

Esponse por Alcaldía que o 21 de xuño se celebrou unha comisión e procede a dar lectura da acta da mesma poñendo en antecedentes o pleno sobre a situación actual dos SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS así manifesta que Concello de Rianxo e Aquagest, Promoción Técnica e Financeira de Abastecementos de Auga, SA (hoxe, Viaqua, SA) formalizaron o contrato de concesión administrativa para a explotación dos servizos de abastecemento de auga e saneamento por un período inicial de 20 anos, sen prexuízo das prórrogas que, no seu caso, se acordasen de acordo co prego de cláusulas administrativas (PCAP).

A cláusula 76 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) prevé unha duración máxima do contrato de 20 anos que expiraba o 30 de xuño de 2016 e prórrogas de 10 anos, por acordo plenario de 29 de xuño de 2016 acordouse prorrogar o contrato entre o Concello de Rianxo e Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU da Concesión administrativa dos servizos de abastecemento de auga e de saneamento, ata o 30/06/2017, ao abeiro da cláusula 75 do prego de condicións particulares do dito contrato.

O prazo contractual remata, polo tanto, o vindeiro 30 de xuño incluída a primeira prórroga, o que obriga a tomar decisións sobre o modo en que continuará prestándose estes servizos.

(...)

A comisión despois dun largo debate acorda que para poder decidir sobre a mellor fórmula de xestión do servizo sexa directa ou indirecta debe partirse de datos actualizados dos custes do servizo para o que é necesario coñecer as instalacións actuais dos servizos, rede de saneamento, sistema de tratamento augas residuais, inversións a realizar, así como os custes de explotación (salarios, gasto social, subministro eléctrico e outros)

Dáse conta da cláusula 6 e 25 do PCAP que rexe o contrato coa actual concesionaria o cal recolle :

Cláusula 6 PCAP “El concesionario deberá entregar el servicio a la finalización de la concesión por cualquier causa , con todas las instalaciones iniciales, las efectuadas con ocasión de la concesión y las futuras que se realicen en perfecto estado de uso. A tal efecto será menester que se una a la cuenta de explotación anual, un anexo donde se describa para cada ejercicio el estado de las instalaciones afectas y el gasto acumulado por amortización “

Cláusula 25 PCAP “Establece a obriga do concesionario de informar *“con carácter anual como máximo, de todas as accións incluídas no marco das cláusulas 22, 23 e 24 (mantemento, reposición e conservación; investimentos de reposición e investimentos novos, respectivamente), ademais de presentar un memorando de necesidades”.*

Polo tanto, un dos aspectos dos que ten que informar a empresa concesionaria é dos investimentos a reverter, do seu estado e das reparacións que se deben acometer para o seu correcto funcionamento.

A comisión por unanimidade acorda informar da necesidade de requirirlle a empresa de acordo co contrato e coa cláusula 13, 14, 25 e 42 das PCAP presente antes do **21 de xullo de 2017** a seguinte documentación:

- INVENTARIO DESCRIPTIVO ACTUALIZADO: sistemas de todas as instalacións afectas o servizo de subministro de auga potable así como saneamento, no que se recollan planos singulares, fichas singulares e fotografías singulares. Recollerse as instalacións a reverter indicando (mantemento, reposición e conservación; investimentos de reposición e investimentos novos, respectivamente)

- CONTA DE EXPLOTACIÓN das anualidades non remitidas o concello en especial das últimas 5 na que se recollan os seguintes documentos:
 - Estado de orixe e aplicación de fondos.
 - Conta de perdas e ganancias
 - Memoria económica.
 - Memoria de xestión .
 - Conta de recadación
 - Estudo de custes (desagregado por servizos abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas)
 - Memoria do inmovilizado (altas-baixas, amortizacións -provisións ..)
 - Cadro de financiación
 - Balance

- REPARACIÓN DAS INVERSIÓN QUE SE DEBEN ACOMETER PARA O SEU CORRECTO FUNCIONAMENTO presentando un memorando de necesidades.

- DATOS DOS TRABALLADORES DA EMPRESA a 30 de xuño de 2011 e a 30 de xuño 2017, presentando unha declaración responsable, na que se recolla o cadro adxunto cos traballadores adscritos o servizo.

Deberá axuntarse os TC2 da empresa, sen prexuízo de que o Concello poida requirir calquera outro documento que estime oportuno. No caso de persoal non adique o 100% da súa xornada o concello de Rianxo indicar % da súa xornada destinada a estes servizos

A comisión acorda así mesmo a comprobación in situ das instalacións, traballo que se efectuará pola consultora Lagares coa colaboración dos técnicos do Concello, Deputación consultora Lagares e a disposición no seu caso da empresa concesionaria.

Posteriormente o Alcalde despois de expoñer o acordado na comisión trasládalle os membros do pleno que a empresa rexeitou expresamente a prórroga do contrato por seis meses, que o servizo esa garantizado, temos seguir a traballar en estudar cal e a mellor fórmula de prestar o servizo.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN.

Témonos manifestado a prol da municipalización servizo da auga e saneamento non nos vamos baixar dese tren, sabemos que é complexo, un ano non foi suficiente, estamos ante un procedemento complexo e iuga 6 meses tampouco e suficiente .

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Mentres se faga a estudo da municipalización o servizo debe seguir prestándose,

ADOLFO :

Non é unha comisión para atrancar senón para estudar a viabilidade da forma de xestión. A veces non é un problema de cartos senón calidade no servizo a veciñanza, pagar máis por un servizo mellor .

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CAMBIO DO PAPEL DO CONCELLO NA FESTA DA XOUBA PARA LOGRAR UNHA MAIOR INCIDENCIA DA MESMA.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As festas gastronómicas, como o resto das festas, teñen unha primeira intención de socialización e gozo pero, a diferenza doutras, teñen tamén como un dos seus principais fins acadar unha incidencia económica. Na maioría dos casos trátase con este tipo de eventos de contribuír a posicionar no mercado o produto exaltado ou ben, se xa o estivera, contribuír a que se manteña nesa posición.

A calidade da xouba de Rianxo é amplamente recoñecida desde hai moitos anos, e sigue levando aparelhada esa imaxe de calidade. As súas capturas teñen moi boa aceptación no mercado do país e, polo tanto, moi pouco pode facer a festa de exaltación neste sentido.

Desde o noso punto de vista, neste caso, sería errado establecer como obxectivo reforzar unha marca que non o precisa. Trataríase pola contra de usar a “marca” de prestixio xouba de Rianxo para colocar ó seu lado outros produto e servizos tamén de calidade que tamén temos para que dalgún xeito se beneficien deste contacto.

Poderían beneficiarse outros produto do mar, pero non só do mar, e sobre todo o servizo de hostalería. Isto implicaría que a típica carpa na que se serven xoubas debería ser substituída, para que os establecementos de hostalería que se adheriran ó evento foran os que realizaran e se beneficiaran

deste traballo.

Na nosa idea trataríase de servir xoubas exclusivamente de Rianxo, ó lado doutros produtos gastronómicos tamén de Rianxo e de calidade, con unha atención tamén esmerada, da que sen duda son capaces os nosos hostaleiros.

Como proposta, cada establecemento adscrito, ademais do resto da oferta que habitualmente faga, podería presentar por un prezo fixo, o mesmo nos distintos restaurantes, dous menús que deberían incluír xouba. Por outra parte, aínda que o evento seguise a celebrarse nunha data sinalada, podería manterse algún tipo de oferta gastronómica vinculada a produtos locais, coa xouba como reclamo, ó longo dos meses de xullo e agosto. Podería tamén verse a posibilidade de acompañar esta oferta con outro tipo de servizos de carácter turístico.

O papel do concello neste novo formato sería por un lado o de coordinador dos distintos sectores implicados, ó tempo que correría tamén coa difusión e a animación de rúa e no seu caso actividades paralelas co fin de crear un ambiente festivo.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en Común proponlle o Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o concello anime unha reflexión dos diversos sectores sobre a evolución da festa da xouba para intentar acadar un enfoque sólido que, coas oportunas modificacións, se manteña durante algún tempo.
2. Comprometerse a asumir a difusión do evento cos medios gráficos e doutra índole que se consideren acaídos
3. Comprometerse na animación de rúa e organización de actividades que puideran acordarse para complementar a celebración.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Esperemos axude a mellorar a festa nos próximos anos

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Apoiamos sempre que o concello teña medios

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Este ano cambiou o papel do concello o concello non pretende ter un papel protagonista, os que organizaban a festa da Xouba deixárono despois de 25 anos de promoción.

Nos intentamos non se perda xuntamonos cos sectores da hostelería e do sector da xouba pero eles non a querían organizar, este ano o concello organizouna pero queremos sexan eles os dinamizadores e volvan a organizar este evento de tanta tradición. Non hai vontade de permanencia pero si de defender o produto, o concello apoiando pero non sendo organizador, os produtores e a cofradía deben capitanear.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos da mesma.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CREACIÓN DUNHA MESA CONXUNTA DE SEGUIMENTO DE MOCIÓNS PRESENTADAS NO PLENO POLAS DIFERENTES FORMACIÓNS

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Concello ten que levar a cabo unha boa xestión das competencias municipais, xerar confianza e demostrar transparencia no servizo que presta aos seus cidadáns, ademais de tramitar os novos prantexamentos e ideas que xorden dos diferentes grupos políticos e que se aproban no pleno.

Sabido é que o Artigo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, outórgalle a facultade aos distintos grupos políticos de formular ao pleno propostas de resolución para debate e votación, as denominadas mocións.

En función do anterior, e polos motivos que a continuación se recollen, propoñemos, para o seu debate e aprobación por este pleno, a creación dunha mesa de seguimento de mocións.

MOTIVOS:

As mocións teñen unha importancia extraordinaria no xogo democrático dos municipios, e a maioría das propostas buscan ter un impacto directo na cidadanía. Polo tanto, veñen a mellorar ou solucionar problemas reais e concretos do municipio. Quere isto dicir que, aprobar unha moción equivale a adquirir un claro compromiso para executar o acordado, poñendo, por parte daqueles aos que lle corresponda facelo, o maior esmero e dedicación na tramitación administrativa dos acordos aprobados polo pleno da corporación, e que se executen en concordancia co mandado por este órgano decisorio da municipalidade.

Moitas mocións presentadas polos grupos municipais parece que caen en saco furado sen que teñamos información algunha sobre os pasos dados para o seu cumprimento ou grao de execución. Non existe un mecanismo mediante o cal, os grupos municipais, podamos recibir información sobre as xestións realizadas polo equipo de goberno, en aras de dar cumprimento aos acordos aprobados.

As mocións son un mecanismo fundamental para facer efectivas as funcións de control, fiscalización e crítica propositiva da oposición, cuxo exercicio garante o debate e a calidade democrática municipal, xerando confianza e demostrando transparencia no servizo que presta aos seus cidadáns e as súas cidadás.

Cando son aprobadas, os acordos son actos cuxo cumprimento debe garantir a Alcaldía, segundo a normativa vixente, que entre outras cousas, lle atribúe a función de facer cumprir as ordenanzas e regulamentos municipais, ordenar a publicación, e executar e facer cumprir os acordos do concello. Ademais dunha obrigação legal, o cumprimento dos acordos plenarios é un acto de coherencia política, responsabilidade e respecto cara a cidadanía.

En consecuencia, os seus acordos non poden reducirse a aparecer nunha acta. É necesario e esixible que o goberno municipal asuma o compromiso de respectalos mediante o cumprimento do aprobado.

Cumprir supón tamén unha oportunidade para a eficacia na xestión pública, rentabilizando o traballo de todos os grupos municipais en beneficio do interese xeral.

En función do anteriormente exposto, propóñense os seguintes ACORDOS:

1. Que con cada moción aprobada se inicie un expediente de tramitación administrativa que garanta a viabilidade económica, competencial e xurídica da proposta concreta prantexada nas mesmas. Se non é viable, expedirase un informe técnico argumentando a non viabilidade que se exporá no vindeiro pleno.
2. Que se cree unha mesa de seguimento de mocións para controlar o seu cumprimento. A mesa deberá definir e aprobar o cronograma de cumprimento de mocións. Estará integrada dentro da xunta de portavoces e formada polos mesmos membros. A periodicidade das reunións será bimestral como mínimo.
3. O goberno municipal deberá emitir un informe cuatrimestral informando sobre o grao de cumprimento de ditos acordos aprobados nos plenos. Estes, especificarán de maneira pormenorizada o grao de execución das mocións, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento.
4. Que as mocións aprobadas se incluían no portal de transparencia para garantir que se cumpren, facendo constar as distintas fases do proxecto que se aprobara, a previsión da súa execución, a súa consignación orzamentaria, así como as incidencias que puideran producirse para a súa norma execución.
5. Que o plenumunicipal inste ao equipo de goberno a que no mes de xullo remita aos grupos municipais un informe sobre o grao de execución das mocións aprobadas no que vai de lexislatura. O citado informe especificará, de maneira pormenorizada, o grao de execución das mocións, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Debe facerse un seguimento, pero ter en conta a carga administrativa que esto supón .

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Nos vámonos abster, hai puntos do carácter bimestral, nos non sabemos a periodicidade coa que contestan as administracións, estamos de acordo co sentido da moción.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

A maioría das mocións están cumpridas, moitas non puideron cumprir porque están pendentes de crédito. de subvencións. A moción da xouba, a das cámaras para as sesións, pacto dos alcaldes, día internacional violencia (...) moitas non teñen data de cumprimento non queremos poñer límites as mocións, se son xenéricas son difíciles de cumprir. Se queremos implantar o modelo de seguimento aquí proposto podemos sobrecargar os funcionarios, creemos xa están creados os órganos para facer un seguimentos nas comisión, no propio pleno .

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN

Expón que o seu grupo non quere paralizar, senón o que queremos e que se cumpran, pero é razoábel haxa

un seguimento.

ADOLFO :

Existen órganos para facer seguimento, xunta de portavoces, comisións. En Rianxo non se poñen límites o número de mocións tráense directamente o pleno e non pasan por comisión para que sexan mais frescas as intervencións, os plenos son mensuais, todas as mocións se remiten os organismos, propoñemos abrir un período para negociar o contido da proposta e non se colapsen co procedemento os servizos municipais.

ANTÓN

Abertos a negociar, parécenos importante que se cree un seguimento pero non obstaculice queda sobre a mesa a traer no próximo pleno previa reunión da xunta de portavoces un acordo común.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, NON VOTAR a moción.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN. ESTABLECEMENTO DA LIÑA BASE DE EMISIÓN CO2 E PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN PARA A SÚA REDUCIÓN

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno de xullo de 2016 esta corporación aprobou unha moción na que se adoptou o acordo de asinar o pacto dos alcaldes contra o cambio climático. Esta sinatura comprométenos a traballar para a redución das emisións de CO2 cando menos un 40% ate o 2030.

Cumprindo parte do acordado, aparecemos como asinantes do pacto desde finais de setembro de 2016, pero nos case nove meses transcorridos desde aquel momento nada máis soubemos da cuestión, e o que daquela eran catorce anos para acadar o obxectivo agora xa son pouco máis de trece. O feito de asinar o pacto transmite que somos conscientes do problema, pero por si mesma esta sinatura nada vai cambiar. É polo tanto o momento de dar os seguintes pasos: establecer a liña base de emisións que nos servirá para determinar o que supón un 40% de redución, e propoñer as liñas e accións concretas para acadala.

A tarefa non é doada para un concello pequeno coma o noso, porque seguramente non dispoñemos de recursos humanos para facer esta valoración. Quedan polo tanto dúas opcións para abordar a cuestión, ou ben consignar unha partida nos orzamentos para contratar a súa elaboración externa ou, o que para nós resultaría máis acaído, buscar a complicitade doutras administracións. Sen ir máis lonxe a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ten unha Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que precisamente o pasado 16 de xuño ven de facer público o seu Informe de Emisión de Gases con Efecto Invernadoiro. Tamén a Deputación da Coruña organizou o pasado decembro unha xornada do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía. Así mesmo a FEGAMP ven de organizar o pasado 23 de xuño unha xornada sobre a Estratexia Galega do Cambio Climático e a Transición Enerxética.

No senso de colaboración entre administracións, a Deputación de Ourense, a través da Xefa de Sección de Xestión Ambiental, actúa como coordinadora dos concellos da provincia, e ten na

última actualización de abril de 2017 vinte concellos asinantes d pacto dos alcaldes cos seus plans de intervención presentados.

Valoramos como máis acaída a colaboración entre administracións porque, aínda que cada informe é individual, se se estivesen elaborando varios por un mesmo especialista ou grupo de especialistas o traballo podería resultar máis eficiente, tanto no establecemento da liña base como nas propostas de acción. En calquera caso, se a colaboración das administracións non estivese clara no curto prazo, podería solicitarse á deputación que permitise usar as asignacións do plan de Medio Ambiente con este fin, para despois buscar a colaboración entre os concellos interesados.

Estamos convencidos de que atrasar a toma de medidas resulta negativo para nos por varios motivos. Non se trata só de mitigar o cambio climático co obxectivo de que non se acade esa suba de dous graos que resultaría fatal. Xa estamos vivindo o cambio climático e temos que tomar medidas para adaptarnos a el. Pero ademais aforrar enerxía debe supor aforrar diñeiro, e estamos deixando de facelo. Finalmente pensamos que en última instancia o cambio de modelo vainos vir imposto e non todas as poboacións estarán igual de preparadas para asumir este cambio.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en Común proponlle o Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Buscar no resto das administracións públicas cooperación para establecer a liña base de emisións e o plan de acción
2. Establecer a liña base, diferenciada por sectores, a partir da que imos calcular o 40% de redución de emisións de CO2 aquí o 2030
3. Facer a proposta de medidas a levar a cabo para acadar esta redución.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN

A continuación Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Apoiamos a moción

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Ter en conta a liña de axudas saiu o 17 de xuño par aos concello de menos de 20000 habitantes

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Estamos de acordo coa moción, O concello xa ten elaborados varios proxectos solicitando as correspondentes axudas: un no polígono no parque empresarial outro renovación de saneamento e depuración en Foxacos Cerqueiras. E outro busca cambiar 4000 luminarias Intentamos que o noso concello reduza as emisións e camiñamos para que no 2030 todos poidamos conseguilo.

ADOLFO :

Moitas subvencións deste tipo son por orden de chegada, intentamos ser os primeiros pero se son por concorrencia de orden de chegada, o IGAE xestiona os fondos pero o concellos temos que anticipalos. Temos en marcha distintos proxectos, peatonalización, Plan de Mobilidade

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

10. ROGOS E PREGUNTAS

Adolfo pasa a contestar algúns rogos e preguntas non contestados en plenos anteriores :

- Respeto de Maite Rial no pleno de 25 de maio faltaba a autorización chegou o 9 de xuño, con esta obra van a beneficiarse varios veciños.
- Video promoción de Rianxo is que se apoia, é importante sexa un día festivo para que se disfrute das súas actividades
- O saneamento de Outeiro–Taragoña, Viaqua vaino dar de alta.
- Estase a traballar nun novo sendeiro o 15 de xullo O Sendeiro da Ruta da Ermita a Alta Muralla, sendeiro homologado por Tour Galicia .
- Rio Te van a comezar os traballos de mantemento .
- Antes remate xullo farase un pintado na saída do restante Don Pancho , e estase a reclamar a outras administracións respecto as vías da súa titularidade .
- Pista de Ourille incluíuse o tramo no Plan de Mellora de Camiños da Xunta , estase a espera concedan a subvención .ñ
- Taquillas do Auditorio : ingresasn na casa do Concello na contabilidade , as taquillas non dan sempre para pagar a actividade cultural , Debemos reclamar que se invista mais en cultura , debe haber un apoio real a cultura .

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Rogos:

- Estado do patio do Colexio Castelao poden os nenos perderse
- Queixas polo olores dos contedores, na Martela do Eroski ,deb incluírse unah maior limpeza no novo contrato .

Preguntas:

- Resolución de 28000 € do PXOM se eso se debe pagar nos orzamentos do 2017 ?
- Para cando os orzamentos do 2017?
- Seguen aparecendo reparos de intervención por non desagregar as unidades nas facturas de obras. E porque se superan os limites de contratación menor ¿porque non resolve esa cuestión?
- Cando van poñer os contedores nas praias?
- Porque a decisión de exteriorizar o servizo de incendios? Sen contar coa opinión dos grupos. O noso grupo non apoia a exteriorización deste servizo a sabendas de que é unha competencia Xunta .

- Pensa exteriorizar o servizo do alumeadado público?

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Rogos:

- Recordarlle que no anterior pleno dixemos que había unha farola na entrada da rúa Roxerius que tiña ó aire o automático e que supoñía un perigo.
- Que se trate de manter limpas as zonas de desaugue nas pistas e estradas para que non se produzan esas balsas de auga en canto caen uns cuantos chuvascos grandes e isto supón un perigo para a circulación.

Preguntas:

- Vaise empezar a facer algo para evitar que dende intervención teñan que seguir poñendo os mesmos reparos?
- Con que asiduidade se fai a limpeza nas instalación das Escolas Vellas de Asados e se se limpan todas as dependencias que hai alí? Porque chegaron queixas de que non se limpan as que están na parte de arriba e sobre todo os baños están mal. Informáronnos de que xa o comunicaron pero non se fixo nada aínda.
- Na zona de Ourolo asfaltouse so a metade dunha pista, cal é a razón?
- Faise un seguimento dos pozos de bombeo do saneamento? Sobre todo dos que acostuman a dar problemas e a verter ó río aínda que non haxa choivas abundantes. Recibimos queixas de pescadores que nos din que é unha pena ver como o río morre nesas zonas.
- A principios deste mes recibimos, supoño que como todos os grupos con representación nesta corporación, un escrito dos profesionais do sector da fontanería no noso concello, queixándose do que eles denominan “situación de abuso de posición de dominio por parte de Víaqua” e que, según eles, están realizando os traballos de conexión case en exclusividade. Comprobouse algo sobre este asunto?
- Este mes de xuño a praia de Tanxil estivo moitos días chea de xente, porque os baños estaban pechados? Vaise facer algo ?

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Rogos

- Na parroquia de Taragoña a empresa arranxou a carretera deixara pedras e terra, sacaron as pedras pero rogamos limpen a zoa .
- Reclamamos contedores de Vidrio cerca da Igrexa de Isorna .

Preguntas

- ¿Como esta tema do club Náutico?
- ¿E o problema cos fontaneiros ?

- Cando van comezar as obras de Maite Rial ?
- Os vinilos da escola infantil da Galiña Azul, ¿Vanse arranxar ou quitar? Pedironolo os compñentes da ANPA ¿vostede vains arreglar?

O ALCALDE, TOMA A PALABRA:

- O concello arranxou os que estaban de maneira inapropiada, o concello correspóndelle función de mantemento e iso excede, pediremos consorcio para que os arranxe os vinilos trátase dun problema infraestrutural
- O club Náutico está pendente informe ambiental , mentras tanto estamos esperando .
- Tema fontaneiros: Se existe unah empresa ten unha concesión do servizo, a empresa e a que lle corresponde xestionar o servizo e cumprir cos PPT e ordenanzas vixentes. Na ordenanza e regulamento é donde se fixan os deberes debemos dar un voto a comisión .
- Respeto o contedor de vidro intentaremos colocalo alí .
- Respeto a Taragoña mirarei se lle corresponde a a empresa deixar eso limpo .
- Centro de Saude cambiouse a cuberta e repintado, fondos propios do Concello
- bombeo a empresa tena obriga, haberá que inventir nos plans de obras para poder ser eficaces.
- Escolas vellas de Asados intentarei mirar, pero cando un grupo ten en exclusividade unha instalación correspóndelle certa responsabilidade no mantemento das instalación.
- Respeto dos reparos non quero facer levantamento de reparos intentámolo, incorporación dun TAC e auxiliares, e podemos saír do paso .
- Temos total dispoñibilidade participen nas mesas de contratación, estamos traballando cos pregos de iluminación, recollida do lixo, ascensores, municipalización servizo auga
- Respeto da privatización do servizo de brigadas: servizo non existe, tratase dunha subvención da Xunta. Non é un servizo municipal, a Xunta saca unha liña de axudas e concello solicita. Durante estes anos o 70% dos concellos da comarca cunhas condicións similares conseguiron realizar as labores de prevención e recibir as correspondentes axudas. Con esta nova forande xestión vaise poder compara se somos capaces de non perder a subvención e se as hectáreas se conseguen limpar.
- Tanxil estiveron pechados porque a brigada de limpeza de praias se contrata neste mes e mentras tanto non tiñamos garantizada a limpeza das instalacións por eso non se colocaron antes. A partir de luns colócanse os baños, pasarelas e duchas. No día de San Xoán soe haber actos vandálicos por iso se espera a pase ese día.
- Farola Rua Roxelios tomo nota.
- Orzamentos seguramente continuemos cos prorrogados .
- Herba do colexio de Castelao creo limpou a principios de maio, limpanse 3 ou 4 veces o ano todos os colexio , non so o de Rianxo , Taragoña , Asados ...
- O ano pasado encargaranse 2 ou 3 limpeza dos contedores, e a renovación farase coa nova licitación .

INTERVENCIÓN DO PÚBLICO :

Xurxo Triñames Hermo membro do público toma a palabra como solicitada por rexistro de entrada o 28 de xuño:nunha larga exposición (...)

Dende 2013 formou parte das brigadas o principio os medios eran moi escaso deron coches de 40 anos e desbrozadores de xardin , con eses medios dificilmente podían limpar as hectáreas ,que votaron menos que o alcalde non fora falara con eles

Os traballadores fixemos queixas e non pola prensa porque non queriamos danar a corporación.

O seu rogo e que non presuman de garantir os servizos públicos que o cumbran non privaticen os servizos públicos , cumbran coa súa ideoloxía .

O ALCALDE, TOMA A PALABRA:

As deficiencias de materiais fóronse corrixindo , fun varias veces a pe de campo e non estaban no seu posto de traballo .

Contratouse 10 persoas para labores de prevención que era para o que se concedía a maior parte da axuda, e os obxectivos non foron cumpridos polo que se perderon parte das axudas .

INTERVENCIÓN DO PÚBLICO :

Unha persoa do público manifesta que hai unha persoa que está a maior parte tirado nas inmediación do supermercado día que se puxeron contacto con Hadriana , debe facerse algo dende o Concello , para a súa inhabilitación

O concelleiro do PP Adrián auséntase as 10:00

- A concelleira de Benestar expón a policía servizo sociais están a traballar no problema, pero a persoa ten que querer esa axuda.
- Adolfo manifesta temos vixiar servizos den resposta, a inhabilitación e un procedemento moi complexo que e de moita dificultade .
- Outra intervención do público roga que o goberno xestione os recurso para facer mobilización polo centro de día, que vai ser algo moi beneficioso para todos so veciños do pobo .
- -Adolfo manifesta que levamos moito tempo traballado: reunión co presidente do Consorcio, fun a varias reunións, ofreceuse cesión da clínica do Mar, terreos a carón do instituto. O proxecto ascende a 1000.000€ Rianxo e igual que os demais pobos debe ser a xunta quen execute o centro de día .

Ás 22:35horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, venres 29 de xuño de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez